

Dramaturxias Itinerantes  
Dramaturgias Itinerantes

# Dramaturxias itinerantes


- *Camaleoa. Do corpo ao manifesto*  
de Rita Pinheiro

- *Reino da extinción* de Laura  
Porto

Teatro Helena Sá e Costa en Porto // ESAD en Vigo

Porto // Vigo

30 de novembro // 2 de decembro de 2021



O programa “Dramaturxias itinerantes/Dramaturgias itinerantes”, iniciado en 2019, é froito da colaboración institucional entre o Consello da Cultura Galega, o Instituto Camões-Centro Cultural Portuguê de Vigo e a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia e ten como obxectivo promover un mellor coñecemento mutuo da escrita teatral máis contemporánea de Galicia e Portugal. O proxecto pon o foco nas novas xeracións de profesionais das artes escénicas que se están a formar nas nosas escolas, e na dramaturxia de autoría feminina, coa vontade de rescatar esta da invisibilidade e de poñer en valor todo o seu potencial renovador.

Paseniño, o ciclo foi sumando edicións, nomes e encontros escénicos, mesmo sorteando as incertezas da pandemia cunha edición a finais de 2020 que foi tamén un xesto de confianza na capacidade resiliente do teatro. Nas voces galegas e portuguesas foron chegando aos públicos os textos de Patrícia Portela e AveLina Pérez, de Ana Carreira e Joana Craveiro, de Clara Gayo e Cláudia Lucas Chéu e hoxe congratulámonos de escoitar os de Rita Pinheiro e Laura Porto. Todos eles poden atoparse en edición dixital en [www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)

Nesta edición 2022 súmase ao proxecto a ESMAE de Porto á que lle agradecemos o entusiasmo e a complicidade. Oxalá poida acompañarnos por moitos anos máis nesta viaxe.

# Programa

---

*CAMALEOA. DO CORPO AO  
MANIFESTO*  
**Rita Pinheiro**

Intérpretes: Rita Pinheiro  
Dirección: Rita Pinheiro  
Música: João Reis  
Produción: Rita Pinheiro  
Duración: máximo 20 minutos  
Web/Redes sociais  
Site  
<https://pinheiorita.wixsite.com/ritapinheiro>  
FB <https://www.facebook.com/ritapinheirooficial>  
Instagram  
<https://www.instagram.com/ritapinheiro>  
IMDB  
<https://www.imdb.com/name/nm5378370>

## **Breve sinopse da obra**

Uma camaleoa muda de cor para se camuflar, mediante o ambiente onde se encontra ou o seu estado emocional. Mas muitas veces esta mudanza acontece para defender o seu territorio e se tornar visível. Camaleoa surge a partir de testemuños de traballadorxs do sexo e pretende dar voz a quem tem vivido à margem. Numa viagem poética, fala-se de percursos e trajetórias introduzindo o público num universo camuflado por crenças. “Mas quem é que definiu os parâmetros da dignidade? Eu decidi usar o meu corpo como uma armadura e deixar de ser uma vítima do sistema. Foi isso que aconteceu”

*REINO DA EXTINCIÓN*  
**Laura Porto**

Intérpretes: Ainara Dalmau, Laura García, Dani Lago, Uxía Ocaña  
Dirección: Damián Contreras  
Duración: 20 min

## **Breve sinopse da obra:**

*Reino da extinción* cruza as perspectivas de catro personaxes anónimas procedentes de diferentes épocas da Historia galega, que tras morrer son enviadas a un Alén moi particular, que en realidade é o Purgatorio. Para trascender deben chegar a entenderse, e colaborar na resolución dun enigma absurdo que as enfrenta, en realidade, consigo mesmas, coa insidiosa autopercepción de perfección moral que as atrapa no inmovilismo e que, ao crebar, pon a proba a súa idea do que significa ser galegas, vivir en Galiza e falar galego. Tres das personaxes son a sublimación das épocas máis icónicas da Historia galega: a Prehistoria, o Medievo e os Séculos Escuros, mais non se constrúen en base ao realismo histórico senón en base á percepción mítica, moitas veces estereotipada, que as galegas temos da nosa propia Historia. A cuarta personaxe procede do futuro inmediato, no que a apocalipse cultural semella próxima, mais as dores e soños da súa comunidade seguen a ser as mesmas que hai séculos.

## **DEBATE**

Modera: Afonso Becerra  
Participan: Rita Pinheiro e Laura Porto

## Programa

---

### Rita Pinheiro

Natural da cidade do Porto, inicia-se no mundo das artes no Balleteatro no ano 2000. Desde a sua estreia, já participou em inúmeros espetáculos dos quais se destacam a performance Xarxa 25, dos La Fura del Baus, no festival Imaginarius e a peça Os últimos dias da humanidade encenada por Nuno Carinhas e Nuno M. Cardoso. Em cinema participou em diversos projetos, nomeadamente A Imitação de Saguenail; 2000 Pés de Bruno Nacarato e André Sanjurjo; Porto de Gabe Klinger; Aquarium de Joana Correia Pinto; Zoom in - Pequenas Maldições entre Amigos de José Pedro Lopes e 13H de José Paulo Santos. Iniciou o seu percurso nas dobragens com Alvim e os Esquilos: a Grande Aventura. Desde 2013 que integra vários projetos musicais como cantora, sendo o projeto Rita Light ao qual se tem dedicado mais. No ano de 2018 fez a sua primeira cocriação do espetáculo, Dedos curiosos, dedicado ao público infantil, com o qual circula desde então. Em 2019 estreou-se na escrita de argumentos com o filme 13H que se encontra em pós-produção e Ciclo que entrará brevemente na fase de produção com a produtora portuense Filmes da Mente. Em 2021, escreveu, encenou e interpretou o monólogo Camaleoa. Um espetáculo original, fruto de uma longa investigação, apresentado pela primeira vez no Teatro Helena Sá e Costa. Desdobra-se entre o trabalho de artista, criadora e professora e encontra-se a terminar o Mestrado em Artes Cénicas, Interpretação e Direção Artística na ESMAE.

### Laura Porto

Laura Porto é dramaturga. Naceu em Covelo em 1992. Entrou em contacto có teatro na Universidade de Santiago de Compostela, onde cursou estudos de Filosofia. Acadou a súa Titulación Superior en Arte Dramática no ano 2019, na especialidade de Dramaturxia. A súa primeira peza, Sen orquestra, estreouse no ano 2018 no marco do festival Son de Muller. No ano 2019 traballou como axudante de dirección e deseñadora de espazo sonoro a carón de Marián Bañobre, na compañía Olivas Negras, durante a montaxe da peza 12 uvas, 2 mulleres e 1 oliva. No 2020, acompaña como dramaturga e directora á compañía Amorod(i)o Teatro no seu primeiro espectáculo, Reino da extinción, estreado o pasado mes de outubro. Actualmente combina o seu traballo como dramaturga co de docente de escrita teatral. Un dos seus textos, O senso da floración, vén de ser publicado no volume colectivo Dramaturxia galega actual II, editado por ÁFERIA.

## Organizan

Consello da Cultura Galega

Instituto Camões

Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

Escola Superior de Música e Artes do Espetáculo (Porto)

## Sedes

Martes, 30 de novembro de 2021

19:00 horas

Teatro Helena Sá e Costa

Porto

Xoves, 2 de decembro de 2021

17:00 horas

Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

Vigo

## Máis información

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)

[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

Teatro Helena Sá e Costa

Rua da Escola Normal, 39

4000-099 Porto

<http://thsc.pt/>

<https://www.esmae.ipp.pt/>

Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

Poza Cabalo, s/n

36212 Vigo(Pontevedra)

<https://esadgalicia.com/>

---

## Organiza:

